



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6 DE MARZO DE 2014	
LUGAR:	CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN:	ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIÓNS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de marzo dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE FEBREIRO DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE FEBREIRO DE 2014.

Sr. Alcalde.- Boa tarde a todos i benvidos á sesión ordinaria correspondente ao mes de marzo. Como todas a primeira parte da Orde do Día, o primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta

correspondente á sesión plenaria celebrada o 6 de febreiro de 2014. ¿Non sei se hai algunha alegación á acta? Pois, se non hai ningunha alegación, apróbase por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de febreiro de 2014.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, RELATIVO A ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Sr. Alcalde.- O segundo punto é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión informativa de Benestar Social relativo á Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar. Ten a palabra a señora Concelleira Delegada.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Gracias Alcalde, moi boas tardes. Na pasada Comisión de Benestar Social levouse dentro da Orde do Día o asunto relativo á modificación da nova Ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar no Concello da Estrada. Na Comisión aportouse...aportouse o modelo de ordenanza, aportouse o informe técnico feito pola responsable do servizo...da coordinadora dos Servizos Sociais do Concello da Estrada, informe de Secretaría e visto bo do departamento de Intervención. O Concello posúe unha Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar dende ano 2009, desde fai...nos últimos anos no ano 2012 produciuse unha serie de cambios normativos. Así, coa entrada en vigor do Decreto 99/2012 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, coa entrada tamén do Real Decreto Lei 20/2012 das medidas para garantir a estabilidade presupostaria e o fomento da competitividade e a publicación do Decreto 149/2013 polo que se define a carteira de servizos sociais da Estrada, faise preciso adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar. E fundamentalmente por dous puntos moi importantes e concretos primeiro, respectar a legalidade normativa, como non podía ser doutra maneira, o que temos que dar é primer exemplo ás administracións públicas, e en segundo lugar para intentar establecer dunha maneira correcta, clara e homoxénea a prestación nos servizos sociais comunitarios.

A normativa...a ordenanza que aquí se trae para a súa aprobación no Pleno, se así procedese, realmente o que fai é ¿como se di? ...respectar escrupulosamente a normativa que regula agora este tema e naqueles asuntos que o Concello podía ter un pequeno marxe, porque realmente ten moi pouco marxe de opción, pois intentar buscar a medida e a norma que sempre beneficiara ao usuario deste servizo.

Como ben sabemos, debido á Lei ditada pola Xunta, a Lei 27/2013, sobre racionalización e sostenibilidade da administración local, pois as comunidades autónomas acabarán asumindo estes servizos relativos á prestación de servizos sociais e promoción ou reinserción social, pero, evidentemente, mentres isto non se produza, nos obriga como Concello a seguir prestando este servizo da mellor maneira posible, coa legalidade que así se esixe e, sobre todo, garantizando o funcionamento dun servizo que creo que é un servizo que funciona e que cubre unhas necesidades moi importantes, como é aquela xente valorada ben por libre concurrencia ou ben como dependentes, que son xente que necesita o apoio da sociedade para garantir unha calidade de vida axeitada. Moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Goldar. ¿Algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, si en algo coincidimos, dende logo dende o Grupo Socialista, co que acaba de dicir a Concelleira señora Goldar é que, dende logo, a axuda no fogar é un servizo necesario, é un servizo que os veciños e as veciñas que o reciben é porque necesitan del. É un servizo, polo tanto, que como administración debemos de facilitar ás persoas aquelas que o requiren, i o poden requiren ben por dependencia, ben porque a idade os leva a necesitar, a precisar axuda ou, dende logo, porque por certas enfermidades así o requiren. Dende logo cremos firmemente que a Administración debe seguir a axudar á cidadanía neste camiño i por iso consideramos que é u bo servizo que debe de prestarse dende o Concello i que se vén prestando. Non obstante, con respecto ás modificacións que se están a facer dende os gobernos do Partido Popular, non entendemos que compartan esa mesma visión, e non o entendemos primeiro pola incertidumbre que nos agarda de aquí a 2015. A Xunta debe de asumir, así o marca unha lei de reforma local, debe de asumir as competencias en servizos sociais, sen embargo descoñecemos que vai a pasar, como van á asumir, como se van a facer cargo, como se vai a poder seguir prestando este servizo necesario de proximidade no 2015. Insistimos, de momento incertidume, pero tamén o dicimos porque esta reforma que se nos obriga a facer desta Ordenanza municipal está a poñerllo máis difícil aos veciños que reciben este servizo. E o vamos a dicir claramente, coa adaptación que se fai á lei que se nos trae hoxe enriba da mesa vemos claramente como se baixan os cortes do IPREM, un IPREM que está conxelado, leva conxelado catro anos i se baixa. Polo tanto, aquelas persoas que a súa capacidade económica sexa equivalente ao IPREM van a pagar o 10 por cento, é máis, aqueles que teñan o IPREM ou 1,5 van a pagar como mínimo ata un 20 por cento, i chegando ao 2 IPREM estamos a falar dun 70 por cento mentres antes na Ordenanza municipal estaba no 15 por cento os usuarios nesta situación. Dende logo cremos que as dificultades que están a poñer dende os gobernos do Partido Popular cos seus cambios normativos, cos decretos elaborados en 2013, fan máis difícil que as persoas poidan recibir esa axuda que necesitan, que, volvo a repetir, non o fan por gusto, non piden unha persoa de apoio por gusto, sinón que é unha necesidade. Por iso, dende o Grupo Socialista, entendendo que o servizo de axuda no fogar é un servizo de proximidade, é un servizo de calidade i que é necesario por moitos dos veciños i veciñas da Estrada, non compartimos que nestes momentos de dificultades económicas de crisis haxa que subirllo, i por iso non compartimos que a Xunta de Galicia teña elaborado e imposto estas subidas. Por iso, hoxe aquí, o Grupo Socialista, como medida de protesta, vai a votar en contra de que se aplique esta subida no servizo de axuda no fogar.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, como ben dicía a Concelleira portavoz de Servizos Sociais do Grupo Popular, temos que ocuparnos uns dos outros ¿non?, é o que nos fai diferentes da maioría das especies dos animais, que o ser humano coida da xente, dos seus que precisan axuda. O que nos diferencia do mundo máis primitivo é que os seus non teñen por que ser coñecidos, senón que neste caso ocupámonos de alguén que non coñecemos e é a obriga das administracións públicas manter este servizo de axuda, de apoio a quen máis necesita, aquelas persoas, homes e mulleres que máis están sufrindo neste momento de crisis económica, aínda que sufrirían igual aínda que non houbese crisis económica, porque bueno estamos

falando de moitas...de persoas dependentes ¿non? Non é de recibo o que está a facer a política do Partido Popular que no canto de garantir este servizo, de promocióalo, de apoialo, de aumentalo, de implementalo, está regulando para reducir dereitos que custou moito traballo chegar a eles. Estámonos volvendo a tempos pasados e entendemos que o goberno do Partido Popular do Concello da Estrada o que está facendo é adaptando unha lexislación que lle vén imposta, pero estamos falando do Partido Popular, entón non hai...aínda que bueno, como xa dixeran nun Pleno hai moitas ramas do Partido Popular, no básico vemos que todos comparten o mesmo, que é a redución dos dereitos dos cidadáns. Por eso digamos tamén como medida de protesta tamén vamos a votar en contra desta...da actuación porque estamos en contra deste decreto que aprobou a Xunta de Galicia.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, ten a palabra a Concelleira doña Amalia Goldar.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Moi ben, grazas. Vamos a ver, a min gustaríame que cando algo se di se diga a verdade completamente. É certo que segundo os baremos e segundo os ingresos económicos dunha familia, con esta lexislación antes unha persoa que non tiña a contributiva podía ser que non pagase cero, tendo en conta que esta é unha pensión contributiva, de acordo. Si vamos ao artigo 24 da Ordenanza que é, evidentemente, adaptado ao decreto 99/2012, falamos que cando non chegas ao 80% do IPREM pagas cero, correcto. Despois hai unha serie de digamos baremos, de tramos que vai, por exemplo o decreto no segundo tramo marcaba como mínimo un 10, como máximo un 30 por cento, o Concello da Estrada está indo sempre polos máis baixos. Polo tanto, si nos preocupa, si nos preocupa a cidadanía, o benestar dos nosos cidadáns. En segundo lugar si seguimos lendo o artigo hai un punto 1 que se quere llo leo literalmente, e que di que esta é unha tabla xeral e que estudarase casos concretos, e cando estemos ante situacións de destrución familiar, exclusión social ou pobreza infantil isto pódese cambiar e pode haber excepcións, excepcións que van a ser controladas e aplicadas por técnicos do departamento de Servizos Sociais dos concellos. Polo tanto nunca vai a haber, porque non a hai, dúas situacións iguais, nunca a vai a haber, entón ao final é un técnico o que vai a decidir canto se paga, canto se deixa de pagar, e creo que é importante, evidentemente, nunha pequena renda ao mellor 20 euros ao mes é unha cantidade importante, evidentemente si, pero para eso pódese complementar con outros servizos como podemos facer dende o Concello da Estrada. Pero vamos a ver, eu o que quero dicir é que non é unha norma rixida porque haberá que estudar cada caso concreto, hai persoas cobrando o 80 por cento do IPREM ou máis do 80 por cento do IPREM non van a pagar, e outros que ao mellor cobrando máis si pagarían. Polo tanto hai que estar un pouco para cada caso, non é un...unha regra fixa, non é tarifa plana, vai sempre na cualidade da persoa entendendo unha unidade familiar que tamén é o que se ten en conta na Orden, unidade familiar, renda, patrimonio e persoas coas que convives. E ao final é un baremo, é verdade que ao mellor por un euro e pico hai xente que vai a estar fóra e estar dentro, pero eso vai a pasar como pasa no IRPF, como en gran cantidade de impostos vai por baremos, eu gano 1000 estou fóra, se gano 1005 estou dentro, e non son moito máis rico por ganar 1005 ou 1000. Polo tanto eso é facer pura demagogia.

Sr. Alcalde.- Moi ben señora Goldar, moitas grazas. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, si a señora Goldar quere velo así, pois nos parece estupendamente, nós non dixemos en ningún momento máis que o que se recolle nesta Ordenanza e o que se recollía na Ordenanza anterior. Ordenanza anterior, capacidade económica igual ao IPREM, cero euros, Ordenanza que se nos propón aquí, coa imposición do Decreto da Xunta de Galicia o 0,80 do IPREM, cero euros, pero máis do IPREM, dende o 0,80 ata o 1, un 10 por cento, dende o 1 i, si efectivamente nos distintos tramos ata o 2, falase de entre o 15 i o 70 por cento. Polo tanto, non dixemos máis que o que había nunha Ordenanza i o que hai noutra i seguimos manifestando o mesmo, non consideramos que as decisións adoptadas polo Partido Popular nesta línea sexan as máis adecuadas na situación actual.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Pois se non hai ningunha outra intervención procedemos polo tanto á votación deste asunto ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría absoluta.

Vista a proposta técnica da Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Concello da Estrada, asinada con data 24-02-2014 pola responsable técnica do departamento municipal de Servizos Sociais.

Vista a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Concello da Estrada de data 25-02-2014.

Vista a proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais, Educación, Emprego e Igualdade de 26-02-2014.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 26-02-2014.

Visto informe emitido con data 27-02-2014 pola Secretaría Xeral.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, acadado en sesión do 28-02-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA ESTRADA, e que se transcribe a continuación:

“ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA ESTRADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) modificada pola [Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local](#) (BOE nº 312 do 30/12/2013), contempla no artigo 27, ademais das competencias propias no que se refire a avaliación e información de situacións de necesidade social, que o Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das ditas competencias.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Polo que respecta o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar polas corporación

locais, a vixente establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa entrada en vigor do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012), do Real decreto-lei 20/2012 do 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade (BOE nº 168 do 14 de xullo de 2012), e a publicación do Decreto 149/2013 de 5 de setembro, polo que se define a carteira de Servizos Sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013), faise preciso adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ó establecido na disposición derradeira do dito decreto.,

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de da Estrada, de conformidade co marco normativo referenciado, en concreto nas competencias que lle confire a vixente lei de Servizos Sociais de Galicia, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello da Estrada.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello da Estrada.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. *O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.*

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.*
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.*
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.*
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.*
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.*
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.*
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.*
- h) Apoiar e complementar a labor da familia en situación de sobrecarga derivadas da atención a persoas en situación de dependencia e en situación de crise familiar.*
- i) Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral*

Artigo 4º.- Contido do servizo

I De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:*
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.*
 - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.*
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.*
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.*
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.*
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.*
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.*
- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:*

- I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.*
- II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.*
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:*
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.*
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.*
 - III. Preparación dos alimentos.*
 - IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.*
 - V. Apoio á unidade familiar.*
 - VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.*

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.*

2. Unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar con carácter complementario, entre outras, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.*
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.*
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.*
- d. Adaptacións funcionais do fogar.*
- e. Servizo de podoloxía.*
- f. Servizo de fisioterapia.*

3. Poderán integrarse tamén como atencións de carácter complementario, aquelas que supoñan un reforzo na mellora da capacidade de autonomía persoal, de cordo coa valoración do profesional de referencia e coa prescrición técnica sobre o contido do servizo.

Quedan excluídas do Servizo de axuda no fogar as seguintes funcións:

- *A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.*
- *A realización de funcións ou tarefas de carácter sanitario, en xeral aquelas que impliquen especialización para a súa realización, tales como: por inxeccións, toma da tensión, por ou quitar sondas, subministrar medicación delicada que implique coñecementos específicos ou especialización por parte de quen o subministre, realizar curas, tratamento de escaras, úlceras, etc...)*
- *En xeral, calquera outra tarefa non contemplada no proxecto de intervención e no acordo do servizo.*

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia empadroadas no concello da Estrada para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.*
- 2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.*
- 3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.*
- 4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.*
- 5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.*
- 6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.*
- 7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*
- 8. A coñeceren a situación do seu expediente.*

9. *A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.*
10. *Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.*
11. *Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.*

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. *Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.*
2. *Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, desenvolvemento, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.*
3. *Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.*
4. *Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.*
5. *Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.*
6. *Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.*
7. *Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.*
8. *A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se prestasen no seu domicilio.*
9. *Informar o persoal técnico dos servizos sociais municipais daquelas enfermidades infecto-contaxiosas que padeza ou que puideran sobrevenir durante a prestación do servizo co fin de tomar as medidas de protección precisas por parte dos/as auxiliares de axuda no fogar.*

10. Participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan nesta ordenanza e nas normas reguladoras que desenvolvan este servizo.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 8º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello da Estrada ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 9º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello da Estrada, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por

cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social de referencia nos servizos sociais municipais*
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.*
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello da Estrada e a persoa usuaria.*
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.*

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 10º.- Modalidades de acceso

1. Acceso directo: SADD

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

Para estes efectos, o concello da Estrada, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Acceso por libre concorrencia

As persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia.

Artigo 11º.- Requisitos

Para acceder ao servizo de axuda no fogar deberán reunirse os seguintes requisitos xerais:

- 1. Estar empadroado e residir no municipio da Estrada.*
- 2. Presentar a documentación esixida.*

3. Contar coa prescrición técnica de servizos sociais como recurso idóneo a aplicar. As persoas de acceso directo, deberán figurar incorporadas no programa de asignación de recursos de SAF (PAR de SAF) no SIGAD.

Artigo 12.- Solicitudes e documentación

1. Para o acceso na modalidade de libre concorrència

O procedemento para a concesión das prestacións na modalidade de libre concorrència iníciase mediante a presentación da solicitude, en modelo normalizado, no Rexistro xeral do Concello ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común. A dita solicitude presentaranse asinada polo/a interesado/a ou o/a seu/súa representante legal, e na mesma indicaranse as prestacións que se solicitan e acompañase da seguinte documentación:

A solicitude, segundo modelo Anexo I, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI/ NIE do/a solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia.
- 2) No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante, deberá presentar a copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal e a fotocopia compulsada do DNI/NIE da persoa que teña a dita representación.
- 3) Volante de empadramento colectivo dos membros de convivencia.
- 4) Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria.
- 5) Cando corresponda, informe médico das condicións de saúde que acredite a carencia de autonomía, estado de saúde e prescrición de tratamentos, e facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
- 6) Certificado de discapacidade e/ou invalidez, de ser o caso.
- 7) Xustificantes de ingresos económicos de tódolos membros da unidade de convivencia, mediante os documentos que se sinalan:
 - Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente, ou, no seu caso, certificación acreditativa de non estar obrigado a presentar a declaración da renda.
 - Certificado da pensión ou pensión que perciban emitidos polos organismos competentes
 - Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción ou non de prestacións de ser o caso.
 - Xustificantes das percepcións doutras prestacións
 - Certificacións catastrais sobre bens rústicos, urbanos e industriais correspondentes ao último ano fiscal impositivo
 - Calquera outro documento acreditativo da situación económica-laboral
- 8) Xustificante de aluguer ou de amortización da vivenda habitual, de ser o caso.
- 9) Autorización ao Concello da Estrada para solicitar da Axencia estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria.

10) Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.

11) Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

2. Para o acceso directo.

As persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia con asignación do recurso de axuda no fogar e figuren incorporadas no PAR de SAF (programa de asignación de recursos de axuda no fogar) achegarán o caso a fotocopia do DNI, a autorización para o acceso os datos do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), e, se fose o caso, o impreso de domiciliación bancaria.

En ámbolos dous tipos de acceso, con independencia da documentación que se sinala durante a tramitación do expediente o Concello poderá esixir a presentación de documentos complementarios que se consideren oportunos en relación coa prestación solicitada. De igual maneira, o/a interesado/a poderá aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo, nos termos establecidos nos artigos 70 e 79 da lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O persoal dos servizos sociais do Concello poderá recadar de oficio a información relativa ao cumprimento dos requisitos de empadramento e aqueles outros indispensables que non se acreditaran suficientemente, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización por parte do interesado consonte á normativa vixente en materia de protección de datos.

O Concello resérvase as actividades inspectoras que considere convenientes sobre os datos achegados e relacionados co servizo que se solicita.

Artigo 13.- Emenda das solicitudes

No caso de solicitudes que figuren incompletas, requirirase ao/a interesado/a para que emenden as deficiencias acompañando os documentos preceptivos no prazo de 10 días, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do réxime administrativo común, con indicación de que se non se fixese se procederá o arquivo da solicitude sen máis trámite tal como se establece na dita lei.

Artigo 14.- Avaliación da situación de necesidade para acceder o servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrência.

Establecese como sistema para a concesión do servizo o de avaliación das solicitudes mediante un baremo que permita o outorgamento dunha puntuación a cada expediente en razón directa ao grao de necesidade estimada, mediante a avaliación acumulada de distintos factores da unidade de convivencia.

O baremo de situación de necesidade establece un sistema de puntuación que terá en conta o grao de autonomía persoal, a situación socio-familiar, a situación económica, a idade do beneficiario e outros factores que afecten á convivencia familiar o que incidan na convivencia (Anexo I).

O baremo que se establece deberá contemplar as seguintes variables:

Factor I: Grado de autonomía:

O grao de autonomía apreciarase segundo os niveis de contraste que ofrezan a situación do usuario a vista o informe médico presentado. Estes niveis podarán ser de completa dependencia, de limitacións severas, limitacións lixeiras e autonomía completa.

- O grao de completa dependencia aplicarase a familias e a persoas con discapacidade o enfermidade que requiran atención de intensidade alta e/ou continuada, ben por parte da familia o en réxime de aloxamento en centros especializados (centros de día u outros).

- O grao de limitacións severas aplicarase aos casos que requiran atención media e/ou continuada, nos que o Servizo de Axuda no Fogar completa as carencias do/a usuario/a.
- O grado de limitacións lixeiras aplicarase aos casos que requiran asistencia circunstancial e/ou descontinua do servizo de axuda no fogar.

Factor II: Situación socio-familiar. O criterio orientador a ter en conta será o da dispoñibilidade na atención, ante situacións manifestas de necesidade no entorno do fogar familiar, sen prexuízo das accións que puideran exercitarse para garantir o cumprimento das obrigas de coidado dos pais respecto aos fillos e destes respecto de aqueles, previstas no Código Civil.

Factor III: Situación Económica. A efectos de establecer a prioridade de acceso ao servizo, a avaliación da situación económica da unidade de convivencia realizarase tendo en conta os ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia dividida polo nº de membros, outorgando unha puntuación en función da renda per cápita resultante.

Factor III: Outros aspectos a valorar. Valorarase calquera outra circunstancia, non valorada nos apartados anteriores, e que o/a traballador/a social estime que incide negativamente na situación de necesidade da persoa ou familia solicitante. Circunstancia que deber ser suficientemente motivada no informe social.

Factor IV: Idade. Establécense intervalos de idade priorizando os menores de 12 anos e maiores de 80. O baremo ponderado dos factores a computar para o acceso ao SAF e sinalados anteriormente figuran no Anexo I da presente Ordenanza. A puntuación obtida establecera a orde de priorización de acceso ao servizo, en orde de maior a menor, tendo que obter unha puntuación mínima de 39 puntos para poder acceder ao Servizo de Axuda no Fogar no caso de persoas con dificultades de autonomía e 25 cando se trate de outros colectivos.

Artigo 15.- Instrución do procedemento

1) Modalidade de libre concorrência:

- a. As solicitudes presentadas no rexistro de entrada do Concello, en modelo normalizado, serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin.
- b. A responsable técnica do departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

- c. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do Departamento de servizos sociais. Este informe

conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

- d. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo modelo*
- e. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida artigo 12 apartado 1, agás aquela documentación que xa conste no seu expediente individual. Na revisión anual avaliarase ademais a calidade do servizo e o grado de satisfacción dos usuarios/as.*

2) Modalidade de aceso directo:

As persoas incorporadas na lista do programa de asignación de recursos (PAR de SAF) do SIGAD (sistema galego de atención á dependencia) causarán alta por estrito orde de prioridade en canto haxa dispoñibilidade de horas na modalidade de atención de acceso directo.

- α. O profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios da persoa que figura no primeiro lugar da lista do PAR de SAF procedera a valoración da situación, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, e determinará mediante o informe técnico, a intensidade, frecuencia, horario e tarefas a desenvolver acordado co/a interesado/a, e/ou os seus cuidadores se fose o caso, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e o contido do PIA (programa individual de atención). Para a valoración da participación do usuario no custe do servizo terase en conta a capacidade económica do/a usuario/a se determina no programa individual de atención (PIA) incorporado no sistema de información SIGAD, conforme o establecido no artigo 17.2 do decreto 149/2013 de 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*
- β. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo modelo.*
- χ. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de a correcta prestación do servizo, a calidade da prestación e o grado de satisfacción dos/as usuarios/as. No que respecta a valoración e actualización da achega do/a usuario/a en base a súa capacidade económica, a mesma comprobarase nos datos actualizados no sistema de información do SIGAD (Sistema Galego*

de Atención a Dependencia), segundo o disposto no artigo 18 do Decreto 149/2013 de 5 de setembro.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 16º.- Causas de denegación no procedemento de acceso por libre concorrencia

As solicitudes presentadas polo procedemento de libre concorrencia poderán ser desestimadas por algunha das seguintes causas:

- 1. Non cumprir os requisitos contemplados no artigo 11º desta ordenanza.*
- 2. Poder atender axeitadamente as necesidades básicas da vida diaria por si mesmo ou con apoio dos seus familiares.*
- 3. Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo servizo de axuda no fogar*
- 4. Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto á prestación e á obriga de participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establecen nesta ordenanza.*
- 5. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo.*
- 6. Que a vivenda non reúna as mínimas condicións de habitabilidade, sexa unha infravivenda, chabola ou similar, segundo a lexislación vixente.*
- 7. Negativa a asinar o acordo de prestación do servizo e o proxecto de intervención*
- 8. Residir nunha pensión, hotel, hostel, cuartos realugados ou similares.*
- 9. Calquera outra causa debidamente motivada no informe social do profesional de referencia.*

Artigo 17º.- Causas de extinción e modificación do servizo

*1. Son causas de **extinción** do servizo de axuda no fogar as seguintes:*

- a. A renuncia da persoa usuaria.*
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.*
- c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.*
- d. Falecemento da persoa usuaria.*
- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.*
- f. A falta reiterada de pagamento do servizo.*
- g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.*
- h. Incurrir en falsidade ou ocultación nos datos que se achegaron ao expediente*

*2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á **modificación das condicións** de prestación*

nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

As modificación tamén poderán producirse a instancia da persoa usuaria, mediante solicitude presentada por Rexistro de entrada do concello, previo informe de valoración do/a traballador social de referencia.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 18º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- 1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.*
- 2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.*

Artigo 19º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

- 1. O prazo de inicio do servizo, será como máximo dunha semana, dende que á persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos (PAR de SAF) para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución pola Xunta de goberno local ou decreto da Alcaldía para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.*
- 2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.*

3. *A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.*

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. *Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo.*
5. *O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.*
6. *Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.*
7. *Así mesmo, entregárase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.*
8. *Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.*

Na unidade de traballo social (UTS) que corresponda do departamento de Servizos Sociais abrirase un expediente por cada persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo, no cal constará, cando menos:

- A solicitude e documentación presentada no caso de acceso na modalidade de libre concorrência, e a resolución de PIA no caso da modalidade de acceso directo.*
- O informe de avaliación inicial asinado polo profesional de referencia.*
- O proxecto de intervención, asinado polo profesional de referencia.*
- O acordo de prestación do servizo asinado pola persoa usuaria e o profesional de referencia.*
- O acordo de resolución da prestación.*

- Os informes de seguimento da prestación, que terán, como mínimo, carácter bimesal, ou os informes extraordinarios que se produzan cando as circunstancias así o aconsellen.
- A documentación acreditativa das modificacións que se produzan.
- O informe anual de revisión do servizo e de valoración da grado de satisfacción da prestación.

Artigo 20º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de Servizos Sociais do concello.

Artigo 21º.- Determinación e actualización da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, será a determinada na resolución do programa individual de atención (PIA) que, consonte o previsto no artigo 38.2 do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluírá un pronunciamento expreso da participación do usuario no custe do servizo. A dita capacidade económica calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .
2. Consonte co establecido no artigo 18.1 do capítulo II do título III do Decreto 149/2013 do 5 de setembro, a xefatura territorial competente en materia de servizos sociais procederá de oficio durante o primeiro trimestre de cada exercicio a ditar resolución de actualización da capacidade económica e da nova participación económica.

Artigo 22º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias na modalidade de libre concorrência

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia na modalidade de libre concorrência, o cómputo da capacidade económica calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 23º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
<i>Ata</i>	$\leq 20 \text{ h}$	$\leq 45 \text{ h}$	$\leq 70 \text{ h}$
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada a ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 24.- Participación no financiamento do servizo das persoas e unidades de convivencia na modalidade de acceso de libre concorrência como usuarias do servizo de axuda no fogar

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó

cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 22 desta ordenanza.

<i>CAPACIDADE ECONÓMICA PER CAPITA</i>	<i>Participación no custe do servizo de SAF básico</i>
<i>Menor de 0,80 IPREM</i>	<i>0%</i>
<i>Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM</i>	<i>10%</i>
<i>Maior de 1 e menor ou igual a 1,25 IPREM</i>	<i>15%</i>
<i>Maior de 1,25 e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	<i>20%</i>
<i>Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,75 IPREM</i>	<i>30%</i>
<i>Maior de 1,75 e menor ou igual a 2 IPREM</i>	<i>50%</i>
<i>Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM</i>	<i>70%</i>
<i>Maior de 2,50 IPREM</i>	<i>90%</i>

- 1. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.*
- 2. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.*

Artigo 25º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello da Estrada, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 26º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.

Artigo 27º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

Artigo 28º. - Prezo público e procedemento de cobro.-

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de cordo co procedemento de cobro que determinen os órganos competentes do Concello da Estrada na correspondente ordenanza reguladora do prezo público.

Artigo 29º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se

aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O servizo de axuda no fogar do Concello da Estrada é de titularidade municipal e será coordinado polos servizos sociais municipais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Delégase na Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta ordenanza, así como a redacción das instrucións que sexan precisas para a súa correcta interpretación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O servizo de axuda no fogar do Concello da Estrada adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o sistema de autonomía e atención á dependencia (SADD) de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A actualización da capacidade económica dos usuarios e da súa participación no custe do servizo de axuda no fogar, na modalidade de acceso directo, efectuarase conforme o establecido no artigo 17.2, no 18.1 e na disposición transitoria segunda. 2 do Decreto 149/2013 de 5 de setembro.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP de Pontevedra nº 152 de 10 de agosto de 2009, a modificación posterior publicada no BOP de Pontevedra nº 226 de 23 de novembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincial e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

ANEXOS

ANEXO I

BAREMO PARA O ACCESO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Táboa A.- Autonomía persoal/familiar

Item	A.1.- Maiores e Persoas con Discapacidade (1)	DEPENDENCIA TOTAL	LIMITACIÓNNS SEVERAS	LIMITACIONES LIXEIRAS	AUTONOMIA COMPLETA
1	Comer/beber	8	6	4	0
2	Aseo persoal	8	6	4	0
3	Vestirse/Desvestirse	8	6	4	0
4	Control de esfínteres	8	6	4	0
5	Capacidade de autoprotección	6	4	2	0
6	Desenvolvemento na relación de actividades domésticas (pranchar, limpar, cociñar..... (2) aplicar índice de Lawton	6	4	2	0
7	Desprazamento pola vivenda	6	4	2	0
	SUBTOTAL	50	22	22	0

	A.2.- Outros Colectivos (3)	RISCO ALTO	RISCO MEDIO	RISCO BAIXO	SEN RISCO
8	Organización doméstica: xestión do presuposto familiar; cumprimento de horarios e rutinas básicas; composición adecuada de comidas; aseo, vestido e alimentación de menores; realización de tarefas domésticas (limpar, lavar, cociñar, mercar,...); etc.	25	17	10	0
9	Outras situacións críticas relacionadas coa autonomía persoal ou familiar (previa valoración)	25	17	10	0
PUNTUACIÓN TÁBOA A (A.1 e A.2 son excluíntes)					

(1) Os ítems 1,2,3,4,5 e 7 valoraranse en base o informe médico. O ítem 6 valorarase aplicando o índice de Lawton para AVD

(2) Total/grave= 6 puntos/moderada= 4 puntos/ leve=2 puntos / autonomía completa=0 puntos

(3) Os ítems 8 e 9 non poden sumarse, é necesario elixir un deles.

Táboa B.- Situación sociofamiliar		
Ítem	B.1.- Maiores e Persoas con Discapacidade	PUNTOS
10	Non ten apoio familiar nin social e vive só. Convive con persoa/s con discapacidade e non ten apoio externo familiar nin social. Convive con persoa/s en situación similar á súa e non ten apoio externo familiar nin social.	28
11	Ten apoio familiar e/ou social pero non cubre totalmente as súas necesidades (por obrigacións laborais, residencia ou traballo en outro municipio, cargas familiares, imposibilidade física do coidador...)	18
12	Ten familia que lle presta atención regularmente e cubre as súas necesidades pero se necesita un “respiro familiar”	8
13	Encóntrase suficientemente atendido e non require o servizo.	0
B.2.- Outros colectivos		
14	Familia en situación de crisis/conflicto (ou risco inminente) que afecta a menores	25
15	Persoas soas, sen apoio familiar nin social	20
16	Encóntrase suficientemente atendido e/ou a súa situación persoal/familiar non require o servizo.	0

PUNTUACIÓN TÁBOA B (B.1 e B.2 son excluíntes)

Táboa C.- Situación económica=Capacidade económica da persoa usuaria		
Ítem	Renta per capita	PUNTOS
17	Menos do 175% do IPREM	20
18	Dende o 75% ata o 100% do IPREM	12
20	Dende o 101% ata o 150% do IPREM	8
21	Dende o 151% ata o 200% do IPREM	4
22	Mais do 200% do IPREM	0
PUNTUACIÓN TÁBOA C		

Táboa D.- OUTROS FACTORES		
Ítem		PUNTOS
23	Calquera outra circunstancia de gravidade non valorada en outros apartados e suficientemente motivada polo/a traballador/a social	5
PUNTUACIÓN TÁBOA D		5

Táboa E.- Idade do beneficiario		
Ítem	Idade	PUNTOS
24	menores de 12 e maiores de 80 anos	11
25	De 76 a 79 anos	7
26	De 70 a 75 anos	5
27	máis de 12 e menos de 70 anos	3
PUNTUACIÓN TÁBOA E (no caso de unidade familiares terase en conta a medida de idade dos potenciais usuarios)		

PUNTUACIÓN FINAL SEGUNDO BAREMO

GRUPO	ASPECTO A CONSIDERAR	PUNTOS
A	AUTONOMÍA PERSONAL/FAMILIAR	
B	SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
C	SITUACIÓN ECONÓMICA	
D	OUTROS FACTORES	
E	IDADE DO BENEFICIARIO	
	SUMA TOTAL	

(1)

I Dependencia total

II Limitacións Severas: necesita axuda ou supervisión de outra persoa aínda que sexa parcial e non en tódalas situacións.

III Limitacións lixeiras ou leves; pode só, aínda que necesita apoios ou adaptacións.

IV Autonomía completa.

PUNTUACIÓN TOTAL=TÁBOA A+ TÁBOA B+ TÁBOA C+ TÁBOA D+ TÁBOA E

Na **Táboa A** hai que obter unha puntuación diferente de 0, salvo que o/a usuario/a teña 75 ou máis anos e viva só.

Na **Táboa A** os apartados A1 e A2 son excluíntes entre si

Na **Táboa B** os apartados B1 e B2 son excluíntes entre si

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 para Maiores e P. Con Discapacidade e 72 para Outros Colectivos.

MÍNIMO PARA ACCEDER Ó SAF= 39 puntos para persoas con dificultades de autonomía e 25 para outros colectivos

Segundo.- Que polo departamento municipal de Servizos Sociais se proceda á publicación do anuncio do Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partir de seguinte á publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da Ordenanza.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión creo que hai dúas mocións, unha delas consensuada na xunta de portavoces en relación á moción para a conmemoración do Día Internacional da Muller o día 8 de marzo i outra que é unha situación distinta, que foi a ditaminada en comisión pero que non foi incluída dentro da Orde do Día. Así que si lles parece creo que unha acordada i outra ditaminada procedemos a votar a urxencia para incorporalas na Orde do Día i despois procedemos ao seu debate.

Votamos a urxencia da moción para a conmemoración do día internacional da muller o día 8 de marzo ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

I votamos tamén a incorporación da proposta da Comisión Informativa de supresión da Ordenanza reguladora da taxa por utilización privativa, aproveitamento especial, dominio público local polas empresas explotadoras de servizo de telefonía móbiles nos termos aprobados polo acordo plenario do 27 de decembro de

2010. Votamos a urxencia ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Bueno pois unha vez incorporadas á orde do día si lles parece procedemos a dar lectura da moción acordada polos portavoces en relación ao Día Internacional da Muller. Ten a palabra a concelleira de benestar social doña Amalia Goldar.

A) MOCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA PARA A CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER O 8 DE MARZO.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sra. Amalia Goldar do PP.- Moi ben, gracias de novo Alcalde. Bueno como ben dixemos na Comisión referido ao...celebrada o pasado 20 de febreiro, tamén iba dentro da Orde do Día unha moción proposta por este grupo a fin de buscar un consenso, dun manifesto, unha moción con motivo da celebración do 8 de marzo do Día Internacional da Muller. Como é un tema que durante estes anos, e así creo que debe seguir sendo, as distintas forzas políticas que forman parte desta Corporación municipal cremos que no fondo é importante a defensa da muller, aunque despois cada un poidamos ter a nosa idea ou o noso criterio de cal pode ser o mellor medio, pois así nos xuntamos nunha xuntanza de portavoces a fin de consensuar e aportar as ideas, e creo que foi un traballo construtivo onde estivemos de acordo en facer unha crítica e ao mesmo tempo unha esperanza, e un compromiso de traballo para un futuro mellor das mulleres. Así, pois co voso permiso vou ler a moción que quedamos...que chegamos a redactar entre os portavoces que alí nos atopábamnos.

O noso ordenamento xurídico consagra e defende a igualdade entre homes e mulleres, non obstante a realidade derivada do contexto económico actual demostra que a situación é ben diferente e atopámonos co feito de que nos últimos tempos produciuse un retroceso en dereitos e liberdades das mulleres. Por iso, neste 8 de marzo queremos poñer de manifesto este retroceso de dereitos e liberdades das mulleres. O contexto actual de crise está a provocar que se produza un aumento de insatisfacción social, o cal está xerando un aumento de violencia contra as mulleres. Así, no que vai deste ano 2014, houbo unha medra ostentible do número de vítimas de violencia de xénero. Por tanto, é preciso que os gobernos responsables de poñer os medios para defender a igualdade e os dereitos da muller, empezando polo dereito á vida, deben comprometerse seriamente a mantelos garantindo que a muller acceda a todas aquelas medidas que lle permitan evitar a situación de violencia e sometemento que sofre dotando estas medidas dos programas e recursos económicos necesarios. Consideramos que para acadar a plena igualdade entre homes e mulleres e para conseguir que a muller goce da autonomía que lle permita decidir con liberdade o seu futuro, os gobernantes deben impulsar aquelas políticas laborais sociais que impulsen, protexan a incorporación e a continuidade das mulleres no mundo laboral. Distintos estudos estadísticos están a rebelar datos alarmantes como son, por exemplo, que por primeira vez en máis de 30 anos a taxa de actividade feminina estea descendendo, hoxe en día unha muller debe traballar 82 días máis ao ano que un home para ter a mesma retribución anual. Así mesmo, a maioría dos contratos temporais formalizáronse con mulleres, e as mulleres son a cotío as que realizan o 80 por cento do traballo non remunerado. Polo tanto, entendendo que é obriga dos gobernos poñer os medios para reverter esta situación de desigualdade entre homes e mulleres, o Pleno da Corporación da Estrada acorda: reiterar o acordo municipal adoptado por este pleno solicitando a retirada de anteproxecto de lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo; segundo, esixir ao goberno da Xunta de Galicia a implantación de medidas laborais necesarias para

defender, asegurar e incrementar o acceso da muller ao mundo laboral; terceiro, que as medidas lexislativas que se adopten por parte dos gobernos teñan en conta as perspectivas de xénero realizando unha análise rigurosa en termos de igualdade; en cuarto lugar reafirmar o compromiso do Concello da Estrada para traballar na elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e impulsar a transversalidade de xénero no eido local de xeito que se garantan políticas públicas das que as mulleres e homes se beneficien de forma equivalente contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega, gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias reiterando o apoio e agradecemento, tamén a colaboración das tres forzas políticas a elaboración desta moción. ¿Non sei se hai algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, mostrar o noso apoio e, unha vez máis, á loita pola igualdade, pola igualdade entre xéneros porque, dende logo, os mesmos dereitos teñen unha persoa por ser muller que unha persoa por ser home. I neste 8 de marzo, como ben se recollía na moción que elaboramos conxuntamente, non podemos deixar de dicir claramente que a precariedade laboral está facendo mella na situación da muller, estamos camiñando cara atrás claramente en materia de dereitos e liberdades, i, dende logo, este grave retroceso, xa como dicía, non soamente é na precariedade laboral senón tamén na brecha salarial entre homes e mulleres, o recollía perfectamente a moción a diferenza que hai, os días a maiores que debería verse obrigada a traballar unha muller para cobrar o mesmo que un homónimo home. Dende logo a desigualdade de oportunidades que se está a producir na nosa sociedade actualmente fai que a feminización da pobreza estea á orde do día, é máis, está obrigando a este deterioro das condicións laborais salariais i ademais está obrigando á muller a voltar ao fogar, a voltar a facerse cargo de cousas que antes xa estaban superadas i que a sociedade, como entendemento dunha sociedade de dereito i compartida por todos, se facía cargo. O vimos no punto anterior como o recorte de axudas está a facer que teña que voltar a ser a muller a que se fai cargo de responsabilidades, do coidado, da volta ao fogar.

I tamén se recollía claramente na moción a condena que facemos das leis que recortan os dereitos e as liberdades da muller, como é, por exemplo, o anteproxecto de lei de saúde sexual i reprodutiva. Pero ben sexan as medidas que prexudican a igualdade e a través da reforma laboral, a través da reforma das pensións, están a dificultar claramente a situación, o papel da muller na nosa sociedade hoxe en día. I, dende logo, como membros desta corporación alzaremos a nosa voz para denunciálo sempre, porque non se pode permitir esta desigualdade, este incremento das diferenzas i, polo tanto, o Grupo Socialista da o seu apoio a esta moción elaborada de xeito unánime.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Dende o BNG reiterar o noso compromiso coa loita dos dereitos das persoas, neste caso da igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Alegrarnos de que chegáramos a un compromiso relativamente fácil para a elaboración desta moción, unha moción que pon enriba da mesa que nos atopamos nunha situación económico e social onde quen máis está sufrindo neste momento é a muller, que se está lexislando en contra dos dereitos básicos das mulleres, que se está lexislando para prexudicar os dereitos laborais das mulleres, e está ben o que se recorda nun destes puntos de que é necesario cando se elabora políticas, que se teña en conta

a cuestión de xénero. E aquí hai que lembrar que xa están outra vez as malas mentes pensantes de Europa pedindo que se baixen os salarios no estado español (como xa están pouco baixos), sabemos sobre quen máis vai incidir este tipo de medidas. Como ben recorda esta moción a muller segue cobrando moitísimo menos que o home, de seguir adiante co que se nos quere implantar desde Europa a brecha será xa insalvable, i esto, desde logo, non vai axudar a que a muller acade a igualdade de dereitos, acade a liberdade, a autonomía que lle da ter un salario digno. Si xa é difícil para a inmensa maioría da poboación, é moito máis difícil para quen neste caso cobra un 80 por cento menos que a maioría dos seus compañeiros homes. Por eso, é importante lembrar a quen goberna nos estamentos do Estado e en Santiago de Compostela que xa está ben de legislar en contra das mulleres, en contra dos dereitos de igualdade entre as persoas, e que debemos pensar un pouquiño máis cando aprobamos unha lei as consecuencias que vai a traer.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois non vamos a entrar no fondo do debate, creo que no substancial estamos todos de acordo, aínda que nos argumentos difiramos moito en moitas cuestións, pero creo que o importante i o que vai a valorar a cidadanía vai a ser que nos poñamos de acordo nunha moción que creo que no que si estamos todos de acordo é que temos que defender i seguir defendendo constantemente todos os días os dereitos das mulleres i esta corporación municipal sempre i en tódalas ocasións o fixo de forma unánime i vamos a seguir demostrando esa unidade. Así que votamos esta moción ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que o noso ordenamento xurídico consagra e defende a igualdade entre homes e mulleres; non obstante, a realidade derivada do contexto económico actual demostra que a situación é ben diferente, e atopámonos co feito de que nos últimos tempos produciuse un retroceso en dereitos e liberdades das mulleres.

Por iso, neste 8 de marzo queremos poñer de manifesto este retroceso en dereitos e liberdades das mulleres.

Por tanto, é preciso que os gobernos responsables de poñer os medios para defender a igualdade e os dereitos da muller, empezando polo dereito á vida, deben comprometerse seriamente a mantelos, garantindo que a muller acceda a todas aquelas medidas que lle permitan evitar a situación de violencia e sometemento que sofre, dotando estas medidas dos programas e recursos económicos necesarios.

Consideramos que para acadar a plena igualdade entre homes e mulleres, e para conseguir que a muller goce de autonomía que lle permita decidir con liberdade o seu futuro; os gobernantes deben impulsar aquelas políticas laborais e sociais que impulsen e protexan a incorporación e a continuidade das mulleres no mundo laboral.

Distintos estudos estatísticos están a revelar datos alarmantes, como son por exemplo; que por primeira vez, en máis de trinta anos, a taxa de actividade feminina estea descendendo. Hoxe en día unha muller debe traballar oitenta e dous días máis ao ano que un home para ter a mesma retribución anual; así mesmo, a maioría dos contratos temporais formalízanse con mulleres, e as mulleres son, a cotío, as que realizan o 80% do traballo non remunerado.

Ante o anterior, entendendo que é obriga dos gobernos poñer os medios para reverter esta situación de desigualdade entre homes e mulleres,

ACORDAMOS:

1º.- Reiterar o acordo municipal adoptado por este Pleno solicitando a retirada do Anteproxecto de Lei sobre a saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

2º.- Esixir ao goberno da Xunta de Galicia a implantación de medidas laborais necesarias para defender, asegurar e incrementar o acceso da muller ao mundo laboral.

3º.- Que as medidas lexislativas que se adopten por parte dos gobernos teñan en conta as perspectivas de xénero realizando unha análise rigorosa en termos de igualdade.

4º.- Reafirmar o compromiso do Concello da Estrada para traballar na elaboración e desenvolvemento de plans de igualdade e a impulsar a transversalidade de xénero no eido local, de xeito que se garantan políticas públicas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar da sociedade galega.

B) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, ACADADO EN SESIÓN DO 28-02-2014, RELATIVO Á SUPRESIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO NO VOO, SOLO E SUBSOLO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS OU PRESTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.-

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde.- I como temos incorporado tamén na orde do día o seguinte asunto procedemos, se lles parece, a debatir o acordo adoptado na Comisión Informativa de Facenda Especial de Contas en relación á supresión da taxa por utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído en voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, modificación que vén motivada, como ben saben, por unha sentenza, por varios fallos xudiciais. ¿Non sei se hai algunha intervención en relación a esta cuestión? Pois procedemos á súa votación, ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase tamén por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Acordo Plenario do 27 de decembro de 2010, de aprobación definitiva da Ordenanza da Taxa que se indica, obxecto de dous recursos contencioso-administrativos ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Vistas as Sentenzas de 30 de outubro e 18 de decembro de 2013, que, acollendo parcialmente as demandas interpostas, anulan os artigos 2 (suxeitos pasivos) e 5 (base imponible, tipo e cota) do texto recorrido, ademais dos 1, 3, 4 e 6 relacionados na segunda delas.

Considerando a imposibilidade actual de aplicación do tributo polo carácter esencial dos preceptos anulados, e ante a dificultade de orde xurídica para proceder a unha modificación da Ordenanza que, mantendo como suxeito pasivo as empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, sexa acorde coa doutrina sinalada nas devanditas Sentenzas.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 10-02-2014.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas na sesión celebrada o 28-02-2014.

E de conformidade co disposto no artigo 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais,

ACORDAMOS:

1º.- Suprímese a Ordenanza reguladora da “Taxa por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil”, nos termos aprobados polo Acordo Plenario do 27 de decembro de 2010.

2º.- Ordénase que polo Departamento municipal de Intervención se proceda a publicar o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncio do Concello.

3º.- O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

C) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á REVISIÓN ESTRUCTURAL DOS CAISS QUE CONTEMPLA REALIZAR O MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL.

Sr. Alcalde.- ¿Non sei se hai algunha outra moción de urxencia? Pois ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, nos gustaría introducir ao seu debate en Pleno unha moción que temos presentada por rexistro que fala, mostra a preocupación pola revisión estrutural dos CAISS, dos Centros de Atención e Información da Seguridade Social que contempla realizar o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Como é coñecido por todos, segundo o informe da comisión para a reforma das administracións públicas, o CORA, as resultas dunhas conclusións da propia Seguridade Social existe a previsión para a primaveira de 2014 de realizar unha redución de un tercio dos centros de información da Seguridade Social, insisto, documentos do propio Ministerio. Polo tanto, cremos que é urxente mostrar o desacordo desta corporación i defender a prestación de servizos de proximidade nos nosos veciños, xa son moitos os servizos que se están perdendo na última lexislatura dende o goberno do Partido Popular no Estado, son moitos os servizos que se están a ver afectados no noso concello i por eso cremos que é urxente mostrar cal é a postura da corporación municipal da Estrada en relación a este centro de información. Por eso pedimos hoxe que se incorpore na Orde do Día para o seu debate esta moción, que, como insisto, xa está rexistrada pero bueno, entendemos que por algún despiste non foi á Comisión de Servizos Sociais o outro día, i sí, pedimos o seu debate neste pleno.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois, en relación á urxencia da moción, si evidentemente podemos debatila como vostedes plantexan, non temos problema ningún, o que si está claro é que no fondo da moción non estamos de acordo, pero entraremos a debate si lles parece despois ¿ten algo en relación a urxencia da moción? ¿Algunha cuestión? Pois procedemos á votación ¿votos a favor?

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde.- Pois veña, aprobada por unanimidade, debatímola, ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Como dicía na miña exposición de urxencia, o informe de reforma das administracións públicas prevé na primaveira de 2014 unha redución de un tercio dos Centros de Atención e Información da Seguridade Social, centros que no caso do Concello da Estrada atenden non só á nosa comarca, sinón tamén a outros concellos limítrofes. Presta servicios pois dende un asesoramento básico con respecto ás prestacións ata pois dificultades ou asesoramento con respecto a bueno, pois outras xestións que teñan que facer os contribuíntes coa Seguridade Social. Dende logo cremos que é un servizo que é necesario manter no noso concello i nos preocupa a información interna, pero nos preocupa máis i por eso, dende logo, a urxencia está máis que motivada, nos preocupa máis que si ben se dicía i se trasladaba que a dirección provincial garantizaba a continuidade do centro da Estrada, engadía tamén o centro de Lalín pero vámonos a preocupar como corporación municipal polo da Estrada, cremos que, dende logo, para salvar, salvagardar este servizo queremos unha resposta que sexa oficial, que sexa vinculante. Porque dende logo i nada máis lonxe da realidade nos sorprende os medios de comunicación cando vemos que dende o concello de Tui o seu Alcalde di textualmente nunha noticia publicada no día de hoxe "se me ha informado que se había barajado la posibilidad de desaparición de los centros de A Estrada y Lalín pero nunca la oficina de Tui". Polo tanto, dende logo, unha declaración dunha dirección provincial na que se nos traslada, na que se deixa a través dos medios de comunicación intenta trasladar aos cidadáns da Estrada unha tranquilidade, dende logo o mesmo i contra os veciños da Estrada neste caso, se traslada a outro concello da Partido Popular da nosa provincia. Credo que non é de recibo esta incertidumbre cremos que é necesario confirmar, garantir resposta oficial que si se vai a manter este servizo, porque para os nosos veciños é un servizo importante i esencial, insisto, para os nosos i para os veciños da comarca i dos concellos limítrofes.

Pedimos un acordo desta corporación municipal mostrándolle ao goberno de España que estamos contra a eliminación dos Centros de Atención e Información da Seguridade Social i que agardamos que se manteña o centro da Estrada, que se garanta a súa continuidade i que se presten a prestación dos servizos que nel se ven facendo, evidentemente coa dotación dos recursos que eso...que eso necesita, porque dende logo non sería o camiño da porta de atrás ir menguando os recursos e os servizos como se ten feito xa noutro tipo de servizos. Por iso manifestamos hoxe aquí, pedimos este acordo en defensa deste servizo prestado na proximidade dos nosos veciños i, dende logo, coa preocupación de ver o que se publica dende o concello de Tui, información que non deixa nada claro que o centro da Estrada estea salvado.

Sr. Alcalde.- Moi ben, señor Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- Como xa ten feito outras veces este Pleno mostrando a necesidade de que se manteñan os servizos de proximidade ao cidadán, cremos que é importante que saia deste Pleno un acordo de apoio á moción que presenta o Grupo Socialista, porque aquí estamos falando doutro servizo de proximidade para os veciños e veciñas non só da Estrada, senón neste caso, como di a moción, de concellos limítrofes ¿non? Si foi fácil chegar outras veces a consenso en outros servizos, xulgados, rexistros, etc, etc, supoñemos que tamén será fácil chegar a acordo neste punto e esperemos que o Partido Popular sexa sensible.

Sr. Alcalde.- Si, moi ben señor Magariños. Pois efectivamente creo que sempre hubo, o dixen antes i o reitero agora, vontade política para chegar a acordo ¿non?, i creo que ademais eso é sempre interesante, o que pasa é que claro cando alguén colle unha cantinela ou un camiño para empezar a crear determinadas informacións non verdadeiras, por non chamarlle doutra forma na cidadanía, é difícil coincidir con el ¿non?, i eu teño que trasladar que esta mesma mañán, ademais de con varios deputados do Parlamento Nacional, tuven a posibilidade de falar tamén ca Secretaría de Estado da Seguridade Social, donde ademais de mandarme unha serie de documentación, que xa se lle mandou digamos á institución que se encargou de decir o que vai recollido na moción do Partido Socialista, que non é certo, xa o digo claramente que non é certo, un escrito donde se lle desminte totalmente que se plantexara unha reforma a ningún nivel na comisión de reformas das administracións públicas, nin no Ministerio de traballo i Seguridade Social. O que existe son unhas conclusións dun informe no que se fala da mellora da prestación da atención ao cidadán ao servicio público nesas oficinas, onde ademais dende a Secretaria de Estado me trasladan que si en algún sitio teñen unha especial actividade estas oficinas é en Galicia pola singularidade que ten o noso territorio, i que en ningún caso, i o digo taxantemente i publicamente, en ningún caso se vai a proceder ao peche, non da Estrada senón de ningunha oficina, de ningún CAISS da nosa comunidade autónoma, en ningún caso. O que se vai a producir é un cambio derivado da famosa comisión de reforma da administración pública, se vai a crear unha plataforma tecnolóxica que vai a permitir que un tercio, o que vai a aspirar a que un tercio das consultas efectuadas polos particulares en estos centros sexan por vía electrónica ou vía telemática. Ese é o obxectivo que reflicte ese informe, ese é o resultado que extrae a propia comisión, ese é o traslado que se lle dá ao propio Ministerio i ese é o inicio do procedemento que se está efectuando desde o Ministerio para dotar a todas as oficinas deses medios que, efectivamente, pois ao mellor esta administración non estaba ao día en administración electrónica, i se van a propoñer como obxectivo que ese tercio de persoas, de afiliados á Seguridade Social que fan as súas consultas en estos centros, poidan acudir á vía electrónica ou á vía telemática as 24 horas do día os 365 días do ano a través dos niveles de autorización correspondientes i sempre, ademais, a través deses certificados dixitais ou de consultas abertas aos propios cotizantes ¿non? Ese é o obxectivo que se marcan eles, alguén, non sei si de forma interesada ou non, quixo darlle unha volta máis a esta cuestión i empezou a falar de un tercio de peche de oficinas, i lles podo garantir que a Secretaría de Estado esta mesma mañán, que eu me puxen en contacto con eles, confirma de forma rotunda, rotunda, de que non vai haber nin unha sola modificación na estrutura que ten actualmente o Ministerio en relación aos Centros de Información das Oficinas do Instituto da Seguridade Social, ningunha!!, que non teñen esa previsión i que si o que van a facer é actualizalas, adaptalas ás novas tecnoloxías e acercar a administración ao cidadán i darlle a posibilidade de que a través da administración electrónica poidan facer as súas consultas, efectivamente en función deses niveles de seguridade, en función tamén do tipo de información que requiran en esa plataforma, pero que por descontado, i xa o digo, que é rotundamente falso. Así que bueno, pois si ao mellor hai certa desconfianza eu lles insto a que votemos esta moción sempre e cando se retire o suposto do punto número 1 que é radicalmente falso, que é que expresemos o noso rexeitamento á supresión dos CAISS, porque é rotundamente falso que exista unha planificación de peche deste tipo de servicios.

Así que eu, si queren, darlle maior contido i que o Pleno se manifeste en que se manteña o CAISS na Estrada e se garanta a súa

continuidade, i que se dote o CAISS de medios, i que se de traslado ao goberno de España me parece perfecto, é redundante, pero non creo que sobre, pero sempre e cando evidentemente se de por eliminado o punto número 1 que é unha radical mentira, i polo tanto nós non podemos apoiar. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, vamos a ver, evidentemente non poñendo en dúbida a súa palabra faltaría máis, nin evidentemente a do Alcalde de Tui faltaría máis tamén, que esgrime os mesmos argumentos que os seus, posto en feita a xestión nos cargos provinciales i despois de realizar xestións en Madrid "se me ha informado la posibilidad de desaparición de los centros de A Estrada y Lalín pero nunca la oficina de Tui". Insistindo, non poñendo en dúbida a súa palabra nin tampouco, evidentemente, as declaracións do Alcalde de Tui tamén do Partido Popular, polo tanto entendo que todos chamarían aos mesmos sitios, dende logo nós non temos ningún problema en pedir esta aclaración oficial, que se nos mande por escrito, bueno non vaia ser que as palabras as leve o aire como xa ten ocorrido outras veces, non é necesario recordar o que pasou cos impostos i demais. Pero bueno, tamén, i aí está aceptada a súa proposta, pero tamén dende logo non estaría de máis deixar no punto primeiro que exprese o seu total rexeitamento á supresión dos CAISS, supoño que non terá vostede ningún problema ao respecto polo que acaba de manifestar, e instar ao goberno de España, si vostede non lle ven ben desistir de tal medida, a contemplar tal medida e outra proposta. Si vostede...senón evidentemente a súa proposta está aceptada, nós o que queremos é a tranquilidade i a seguridade de que o Centro de Atención e Información vai a seguir aberto prestando os servicios que vén facendo á Estrada, á súa contorna i, dende logo, aos veciños i ás veciñas que é o realmente importante.

Sr. Alcalde.- Pois eu xa lle digo, traslado a nosa proposta de acordo i é eliminar o punto número 1, porque dá por feito unha cuestión que non é certa, i ademais en relación ao tema do Alcalde de Tui persoa que ademais é compañeira miña i mañán terei oportunidade de falar con el, creo que non estivo afortunado nas súas declaracións i ademais así mo trasladan desde a Secretaría de Estado, porque se extrañan incluso da tibieza das súas declaracións cando trasladan rotundamente a falsedade deste tipo de informacións. De feito lle podría dar máis información, i lle podo mandar algunha documentación sobre quen difundiu esta información a través destes centros i por que se fixo, i co motivo polo que se fixo. Entonces creo que bueno, hubo unha falta de información, unha mala información, eu creo que se interpretou de forma incorrecta o ditamen, os informes que saían desa Comisión da reforma das administracións públicas i, en todo caso, xa lle digo que a propia Secretaría de Estado esta mesma mañán traslada de forma rotunda que esto é falso, radicalmente falso, polo tanto unha vez que partimos de que é falso, me parece unha obviedade que nós non podemos votar algo que parte dunha falsedade, i si é certo que si vostedes queren que nós insistamos, bueno pois me parece perfecto instar ao goberno a manernos, a solicitar que se manteña o CAISS na Estrada desempeñando funcións que se veñen desempeñando i que se dote dos medios necesarios, dar traslado dese acordo i que nos trasladen información sobre a realidade da situación actual do CAISS, me parece perfecto, i si é así pois votamos a favor, solicitamos o traslado de información ao Ministerio, i espero poder dar conta nas próximas semanas da resposta do Ministerio en relación a este tema que, seguramente, sexa igual de contundente que a que me deron a min verbalmente esta mesma mañán. ¿Lles parece?

Pois veña procedemos a votar a moción, o punto número 2 i o punto número 3 i solicitar, creo que poderíamos incorporar, solicitar do goberno do Ministerio ou da Secretaría de Estado que nos informen

da situación ou das previsións que teñen en relación cas supostas informacións, en relación á regularización dos CAISS en Galicia, na provincia de Pontevedra i en relación ao da Estrada. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que, segundo o informe da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA) e as resultas das conclusión das Xornadas de Traballo de Informática Provincial da Seguridade Social organizadas polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, plantéxase unha redución estimada dun terzo dos Centros de Atención e Información do Instituto Nacional da Seguridade Social (CAISS) durante a primavera de 2014.

Visto que a Comunidade Autónoma de Galicia conta nestes momentos con 36 CAISS, dos cales 30 prestan servizos comarcais. Estre eles atópase o CAISS sito no Concello da Estrada, dando servizo no só aos estradenses, senón tamén á súa comarca e outros concellos limítrofes.

Visto que xa son moitas as medidas de reforma impostas polo Goberno do Partido Popular que redundan nun grave prexuízo para a cidadanía, e distan moito do modelo de Administración ao servizo do cidadán que se asenta na raíz do estado social e de dereito. O sistema de Administración español ten como finalidade un servizo público de calidade, prestando nun tempo razoable, gratuíto, e adaptado as necesidades da cidadanía. A supresión dos CAISS é un novo recorte que ven a dificultar a relación dos veciños e veciñas coa Administración. Segundo as previsións de supresión, en Galicia suprimiríanse 12 CAISS.

Visto que, no caso da Estrada e a súa contorna, a media de idade da veciñanza, así como a dispersión da poboación e as dificultades das posibilidades de desprazamento dos veciños, fan que a desaparición do CAISS supoña un grave prexuízo para os usuarios. A falta de definición dos criterios a empregar na supresión dos CAISS, e das formas a empregar como paliativo do Goberno ante a supresión destes centros de atención, deben poñer en alerta á sociedade, posto que non se pode consentir un novo recorte nos servizos aos cidadáns.

ACORDAMOS:

1º.- Instar ao Goberno do Estado para que:

– Se manteña o Centro de Atención e Información do Instituto Nacional da Seguridade Social sito na Estrada garantindo a continuidade da prestación de servizos que nel se veñen desempeñando, e nas mesmas condicións de gratuidade e acceso para toda a cidadanía.

– Se dote este CAISS dos medios adecuados para o seu funcionamento, respectando ao seu persoal.

2º.- Solicitar á Secretaría do Estado da Seguridade Social información sobre as previsións que teñen sobre a regularización do Centro de Atención e Información do Instituto Nacional da Seguridade Social sito en A Estrada.

3º.- Dar traslado deste Acordo á Secretaría do Estado da Seguridade Social así como ao Goberno de España.

Sr. Alcalde.- ¿Algunha outra moción de urxencia? Pois logo, si lles parece pasamos á parte de control da xestión.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE XANEIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

Sr. Alcalde.- O punto número 3 é dación de conta Resolucións de Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de xaneiro de 2014, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de xaneiro de 2014.

A Corporación queda sabedora.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- punto número cuarto o de rogos e preguntas. ¿Algún rogo, algunha pregunta? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, vamos a trasladar a este Pleno novamente unha pregunta, unha pregunta que nace da preocupación de centos de veciños e veciñas da Estrada, e digo centos porque así se fixo público dende o goberno municipal, que os expedientes ao respecto, eran 365, penso que poñía algunha información que puidemos consultar, estámonos a referir aos expedientes polos que a través da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010 que modifica a Lei do Solo do 2002, se permitía, se daba a posibilidade de regularizar as vivendas en solo rústico así como naves, é dicir, se daba a posibilidade de obter un certificado de existencia de determinados tipos de vivendas. Polo tanto, regularizar dalgún xeito esas máis de 360 vivendas, construcións que no noso concello estaban, podían incluírse nesta disposición transitoria; unha disposición transitoria que foi prorrogada finalizando o seu período de solicitude no 19 de abril do 2012, si non me lembro mal, unha data que evidentemente a partir de aí i entregados os expedientes completos, porque era outra das condicións, que tiñan que estar completos, para o que os cidadáns tiñan que obter un informe externo polo que tiñan que pagar, tiñan que presentar determinadas documentación planos, etc. Feito ese expediente completo, se iniciaba o proceso no que agardaba todo cidadán obter a súa resposta, cumprindo xa as condicións i asegurado por parte do Concello da Estrada que o expediente estaba completo e agardaban obter, como digo, esa bueno, pois recoñecemento de persistencia da súa vivenda. Polo tanto, si esto remataba en abril de 2012 i a administración contempla, en términos xerais, norma ordinaria, unha resposta en tres meses, estamos xa no 2014 i a maioría dos veciños e das veciñas que teñen solicitado este expediente teñen total descoñecemento, total e absoluto descoñecemento de cal é a situación das súas solicitudes. Como digo, rematou no 2012 i estamos xa en marzo do 2014. Por eso trasladamos hoxe aquí a preocupación destes centos de veciños en forma de pregunta, queremos saber en que estado se atopan a resolución destes expedientes, canto máis se vai a tardar en darlle resposta ou si realmente se contempla rematar, dar finalización a estes expedientes

cunha resposta aos cidadáns ou silencio administrativo terá algún efecto sobre os mesmos.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois este é unha... si, é certo que foi unha medida que eu creo que tuvo un éxito importante, i ademais lle recordo que precisamente foi un dos motivos que esgrimeu o Partido Socialista para votar en contra da modificación da Lei do Solo do 2010 porque, en teoría, i do Bloque Nacionalista Galego tamén, en teoría era unha regularización masiva pola porta de atrás do PP. Parece curioso que agora lles preocupe a vostedes a situación de todos estes inmuebles cando vostedes, ademais recordo, porque daquela estaba eu no Parlamento Galego, foi un dos motivos fundamentais polo que o Partido Socialista cambiou o seu voto para votar en contra da Lei, i o dixeron así expresamente, daquela María José Caride, diputada do Partido Socialista, expuxo firmemente o seu convencemento de que isto era unha chapuza do Partido Popular para solucionarlle o problema á xente que tiña as súas construcións ilegais. Polo tanto é estas cousas que ten a política ¿non?, que as veces sorpréndese un do que fai i do que di, i neste caso pois esa dualidade que xa nos caracteriza ou xa nos ten acostumados algún partido político. I lles digo que si que é certo que se sobrepasaron as nosas expectativas, para ser unha saída pola porta de atrás como dicía o Partido Socialista tivo unha repercusión extraordinaria no noso concello, foron en torno a 400 expedientes que por momentos colapsaron o propio departamento de Urbanismo. Tamén é certo que houbo dous temas que condicionaron en exceso a tramitación destes expedientes, un foi o proceso de tramitación do Plan Xeral, que solicitouse aos técnicos que se centrasen exclusivamente no propio documento do Plan Xeral tendo en conta a importancia do mesmo, i outro deles foi un criterio establecido por parte dos técnicos municipais que, á parte da información que había que solicitar no propio recoñecemento de preexistencia, se pedía un dictamen, o ser en solos rústicos se entendeu polos servicios xurídicos que era convinte perder un dictame, á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística, cuestión que é certo que retrasou ou dilatou todavía máis o proceso de tramitación deste tipo de expedientes.

Tamén lle teño que dicir que non é certo que a maioría dos veciños descoñezan esta situación, lle podo dicir que a maioría dos veciños teñen resolto o seu problema, teñen tramitado o seu expediente, teñen finalizado o seu procedemento, teñen recoñecido a súa edificación. I lle digo máis, a gran maioría dos expedientes están resolto i non solo, porque tamén é importante decilo, non solo recoñecen a edificación senón tamén recoñecen a actividade, cuestión non menor que tamén foi obxecto dun debate intenso porque había quen non o entendía, pero é certo que liberou, sobre todo a moitas actividades empresariais, dunha situación de colapso total, i isto permitiu que as propias actividades industriais recoñecesen a súa construción i recoñecesen a súa actividade. Polo tanto, ese recoñecemento lles vale agora, lles permite solicitar determinadas axudas, determinadas subvencións, aportar a correspondente autorización de uso i de actividade i estar nunhas condicións realmente millor que nas que estaban antes, non millor que se estiveran nun solo industrial, porque evidentemente solo teñen recoñecida a actividade que acreditan, non poderá haber un cambio de uso daquelas actividades que non están permitidas no solo no que están instalados, que neste caso maioritariamente solo rústico, pero si teñen recoñecida a actividade que desempeñan na actualidade.

En definitiva, creo que é unha das grandes solucións que aportou a modificación da Lei do Solo que o Partido Socialista i o BNG votaron en contra no ano 2010 i que abreu a posibilidade a que todos estes veciños poidan ter unha solución ao seu problema que, digo, maioritariamente, a inmensa maioría están resolto i os poucos que queden por resolver estou convencido que nos próximos meses se

resolverán de forma eficiente por parte do departamento de Urbanismo.

¿Algunha outra cuestión?

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Entonces a súa resposta entendo que é que se resolverá nos próximos días de xeito eficiente. Entendemos que esto vaia e se aprobe en Xunta de Goberno i que, polo tanto, evidentemente, poderemos velo nos próximos días en Xunta de Goberno. Non máis, evidentemente agardamos ver máis dos que xa vimos ata o de agora nas Xuntas de Goberno, porque, dende logo, as queixas que recentemente recibiu este Concello i máis das que creo que o señor Concelleiro de Facenda i apoio en Urbanismo ten constancia por certas reunións, sabe que eso que vostede acaba de dicir non é certo, que son moitos os expedientes que están pendientes de resolver i que, dende logo, son moitos os veciños que non teñen i teñen mostrada a súa preocupación a este Concello da Estrada pola falta de resposta. Falta de resposta que, insisto, agardamos se solucione porque, dende logo, agardar dende o 2012 ata o 2014 cando na administración se fala sempre de que debe ser eficiente deixa clara nota de que non o está sendo.

Polo tanto, insistimos na nosa pregunta ¿teñen vostedes, contemplan un prazo no que resolver os expedientes que faltan?

Sr. Alcalde.- Si, esa pregunta non ma fixera antes pero lla contesto encantado agora. Pode ver vostede todas as Xuntas de Goberno, todas, unhas veces con máis intensidade e outras con menos, van resolucións deste tipo de expedientes a través da exposición transitoria de recoñecemento de preexistencia, en todas as Xuntas de Goberno, algunhas veces por decenas e outras veces por unidades, pero vai en todas. I se están levando a medida que o propio departamento de Urbanismo as vai resolvendo coas correspondentes tramitacións administrativas, como xa digo, un dos elementos que nos retrasa en algún momento a tramitación é ese informe que temos que perder á APLU que é bueno, pois si é certo que nos condiciona a saída destes expedientes ca axilidade que a nós nos gustaría, Pero en principio eu espero que en cuestión de semanas ou meses este tema se resolva i bueno o antes posible, aínda a sabendas que se están resolvendo todos de forma favorable, co cual un paso importante e un avance fundamental, i ademais se está solucionando un problema importantísimo aos nosos veciños que levaban moitísimos anos buscándolle unha solución i que bueno, dunha forma decidida, este goberno tuvo, o Partido Popular tuvo a ben resolver. Así que non se preocupe que o resolveremos en tempo i forma tan pronto os nosos técnicos poidan ir informando i se poidan ir incorporando ás Xuntas de Goberno Local.

¿Algunha outra cuestión? Señor Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- S, estos días de atrás e hoxe mesmo podemos comprobar como o alumado público estaba encendido a unhas horas que non tiñan lóxica ningunha. Supoñemos que foi por unha cuestión de avería, pero bueno, dado a preocupación que me transmitiron varios veciños é obriga miña facer a pregunta ás persoas responsables dese tema para que contesten si foi fruto dunha avería ou se están facendo probas ou por que.

Sr. Alcalde.- Señor Magariños a nós nos preocupa moito o consumo enerxético, de feito creo que podemos dicir que o éxito da nosa campaña de aforro enerxético é incuestionable ¿non?, de pasar de pagar 1.090.000 euros en facturas a FENOSA a pagar 940.000 absorvendo o incremento da tarifa desde o ano 2011, creo que os feitos aí o acreditan ¿non? Así que, partindo desa base i desa preocupación, que si é certo que nós puxemos os medios necesarios co

coste que eso supuxo, efectivamente para compensar o desmesurado coste enerxético que tiña o Concello da Estrada, tamén é certo, i sabe vostede, que agora estamos regulando os dispositivos, sobre todo os horarios, para axustalos ao inicio, á chegada do horario de primavera. Están os días crescendo i hai probas, están facendo probas, ademais o temporal deixou varios cuadros afectados, os servicios municipais están facendo actualizacións, probas i ademais estamos tamén recollendo datos i traballando no que son os contadores co programa no que estamos a través da Diputación de xestión de activos, contabilizando todo o que son os postes de iluminación pública i os seus contadores i o consumo enerxético de cada un, i todo eso provoca que os técnicos estén traballando coas propias liñas, teñen que conectalas para facer os chequeos, para ver as intensidades están...estase facendo un traballo intenso que son nesa liña. Non é produto de averías, é produto... normalmente na maioría dos casos cando un alumeado encende a deshora no casco urbano ou é porque hai un fallo no sistema fotoeléctrico ou no reloxo hai que ir axustando, vaise axustando o horario de verán, ou ben é porque están facendo probas i neste caso estamos con dous programas específicos estamos co propio programa noso de xestión do propio alumado público i estamos traballando, como dicía antes, co DEPOGAP, que é o programa de xestión de activos da Deputación de Pontevedra onde o Concello da Estrada é proxecto piloto i estamos empezando a traballar no que é eficiencia enerxética no alumado público i necesitamos facer as conexións do alumbrado para ver os tipos de, bueno pois, as características técnicas i a propia intensidade da corrente i moitos datos que van extraendo despois para facer os informes correspondentes. Así que eso se produce i se debe por esa debido a esa cuestión.

Sr. Magariños do BNG.- Semanas pasadas podíamos ler na prensa que había unha proposta para solucionar o problema do bus escolar no colexio de Souto de Veá, senón me equivoco, bueno voulle facer unha pregunta que me...nos termos...vou procurala facer nos termos suaves non nos termos que ma fixeron a min, porque eu lle dixen "non se preocupe que pregúntolle eu cando vai empezar as obras", e di "non, non quero que se lle pregunte cando van empezar as obras, quero que se lle pregunte cando van a rematar as obras", porque esto era un pai que leva vivindo este proceso desde fai moito tempo, non solo agora por este pai, senón por outras cuestións, eu por eso me dicía "non, non, eu quero que me digan cando vai a rematar xa este problema", ¿non?, que estaba farto de...transmítolle a pregunta nos mesmos termos que a min ma fixeron.

Sr. Alcalde.- Moi ben pois dígalle ao pai que desde que goberna este concello o Partido Popular se fixeron xa varias medidas de mellora da seguridade viaria no entorno do colexio de Villar Paramá, entre outras a construción dos pasos elevados para reducir a velocidade dos vehículos, a creación do paso de peatóns, a zona de paso, ensanchamos a zona de paso para poder achegar a ese paso de peatóns para poder cruzar os rapaces, i tamén lle pode decir vostede que seguro que este goberno vai a facer esa actuación, unha actuación que ascende a 20.000 euros, ese centro foi obxecto dunha inversión no último ano de máis de 70.000 euros para reformar i para reparar facer melloras sustanciales no propio centro educativo, se cambiou a caldeira, se cambiou o sistema de calefacción, se fixeron reformas na sala de usos múltiples, se fixeron actuacións, como dicía antes, onde se invertiron 70.000 euros, solucionouse o problema da cloración da auga, fixéronse moitas actuacións i, evidentemente, na provincia de Pontevedra hai 500 centros educativos dependentes da Consellería, se están facendo actuacións tamén no colexio Pérez Viondi, se están facendo actuacións en Codeseda, i esta actuación está valorada, os nosos técnicos rematárona fai unhas semanas, ascende a 20.000 euros a

actuación que hai que facer alí, i hai que pedir vez para que evidentemente os poucos cartos que hai non van vir todos para a Estrada, é certo que viñeron moitos i é certo que se fixeron moitas actuacións e se invertiron tamén 50.000 euros na reforma do tellado do colexio de Figueroa, i se están facendo actuacións importantes, i esa xa está solicitada. A semana pasada lle traslado que mantiven unha reunión co xefe territorial para tratar persoalmente este asunto máis dous asuntos puntuais, un tema que nos traslada a asociación de pais do colexio do Foxo cun problema que teñen nos servizos dos rapaces na planta baixa e no baixo do colexio, i outro problema que nos trasladan do colexio Figueroa de que se fixo a reforma, practicamente íntegra, da cuberta quedando unha parte sin finalizar, sin rematar, e que vamos intentar conseguir solucionar ese tema o máis pronto posible. Son os tres obxectivos que agora mesmo temos prioritariamente en centros educativos e vamos a intentar resolvelo, de feito xa temos unha proposta económica por parte da Consellería para que o Concello colabore na execución de esas dúas obras, a do Foxo i a do colexio de Veá, temos unha proposta que rondaría o 50 por cento do coste asumido pola Consellería i o 50 por cento asumido polo Concello, é certo que vimos colaborando de forma intensa asumindo actuacións en moitos casos ca Consellería, feito que tamén foi criticado aquí por as forzas políticas da oposición, que o Concello tomase esa decisión, eso nos permitiu multiplicar a inversión nos centros educativos, i neste caso vamos a seguir negociando ca Consellería i lle prometo que o imos a acometer, pero como ben entende vostede, é unha cuestión presupuestaria, vamos intentar conseguir que a Xunta de Galicia aporte o máximo posible a esa actuación i que o Concello pois si ten que botar unha man tamén a bote, pero que neste caso, bueno pois, o menos que sexa a menor inversión posible. Así que seguiremos en esa liña de colaboración que nos está dando moi bos frutos a nivel de centros educativos, se están facendo actuación que levaban sido demandadas, como ben vostede di, eso si é certo, que lle teño que dicir que o honra, que leva moitos anos, pero moitos, reclamando esta actuación igual que outras moitas actuacións que xa se acometeron i que, igual que a ampliación do Perez Viondi levaban decenas unha década reclamando esa ampliación, i outros centros levaban moitos anos solicitando reformas nos seus centros educativos, se fixeron i esta tamén lle podo garantir que este goberno ten o compromiso de facela. Esperemos que o teñamos o máis pronto posible i que a Consellería pois aporte a maior cantidade de cartos posibles.

¿Algunha outra cuestión? Bueno pois si algunha persoa do público quere intervir dentro da parte do Regulamento de participación cidadán pode facelo mostrando o seu DNI. Si non hai ningún rematamos a sesión desexándolle que pasen unha moi boa noite.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas trinta minutos.

A Estrada, 6 de marzo de 2014
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas